

Orde do 29 de agosto de 2007 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos convocadas pola Orde do 3 de maio de 2007.

A Consellería do Medio Rural convocou para o ano 2007 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos mediante a Orde do 3 de maio de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 90, do 10 de maio).

No artigo 15 da orde detállanse as aplicacións orzamentarias e os importes económicos previstos para o financiamento das axudas. Este artigo prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde, polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase a dotación orzamentaria que se establece na orde desta consellería do 3 de maio de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 90, do 10 de maio), pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2007 as axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

2. O incremento de dotación será de 1.000.000 de euros para a anualidade 2007 e 200.000 euros para a anualidade 2008, con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.713-D 770.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

3. En todo caso, a concesión das axudas establecidas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 3 de maio de 2007.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 4 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para o persoal de mantemento, recadación, reconto de moedas, limpeza e publicidade de cabinas telefónicas, soportes e teléfonos de uso público da empresa contratista Eulen, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico para o persoal de mantemento, recadación, reconto de moedas, limpeza e publicidade de cabinas telefónicas, soportes e teléfonos de uso público da empresa contratista *Eulen, S.A.*, (código de convenio nº 8200642), que se subscribiu o 28 de maio de 2007 entre a representación da empresa e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitirlle o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2007.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Convenio colectivo para o persoal de mantemento, recadación, reconto de moedas, limpeza e publicidade de cabinas telefónicas, soportes e teléfonos de uso público da empresa contratista *Eulen, S.A.* (anos 2007-2009)

Artigo 1º.-Obxecto.

Este convenio colectivo ten por obxecto principal a regulación das relacións laborais entre a empresa *Eulen, S.A.*, actual contratista, ou empresa que a poida substituír e os traballadores en réxime laboral de mantemento, recadación, reconto de moedas, limpeza e publicidade das cabinas telefónicas, das catro provincias de Galicia, tanto sexan estas cabinas propiedade de titularidade Telefónica, como as de titularidade de TTP (Telefónica, Telecomunicacións, Públicas), así mesmo, as reparacións en todo tipo de teléfono. En definitiva, o traballo que realizan os traballadores encadrados neste convenio é:

Recadación e proba de funcionamento; reconto e precintaxe; conservación de moble e a súa iluminación; limpeza, montaxe, substitución e desmontaxe de publicidade en mobles de teléfonos públicos; reparación en todo tipo de teléfonos.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio colectivo afecta a todo o persoal dedicado ao traballo de cabinas telefónicas sinalado no artigo anterior, da empresa *Eulen, S.A.*, actual contratista ou empresa que a poida substituír nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

1. Este convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007 sen prexuízo da data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2009.

2. Este convenio quedará denunciado automaticamente con 90 días de antelación á data do 31 de decembro de 2009, a partir de cuxa data as partes poderán notificar á outra as correspondentes propostas de negociación.

3. No suposto caso de que á finalización da vixencia deste convenio as partes asinantes non aprobasen un novo convenio, este entenderase en vigor ata a aprobación do que deba substituílo.

Artigo 4º.-Comisión paritaria.

Constituirase a comisión paritaria para o desenvolvemento deste convenio, que poderá ser convocada.

Ambas partes se comprometen a presentarlle á dita comisión as cuestións da súa competencia e, en caso de desacordo, a cuestión alí formulada será sometida á xurisdición laboral competente.

A dita comisión estará composta por 3 membros en representación da empresa e 3 membros en representación dos traballadores, Enrique Couso Suárez, Juan González Pérez e Jorge Sánchez Bastos, este último como asesor de CC.OO., elixidos entre os membros da comisión deliberadora deste convenio.

As funcións da dita comisión serán as inherentes para cumprir o seu cometido de desenvolvemento e interpretación deste convenio.

Dos acordos da comisión paritaria levantarase oportuna acta e o seu contido terá a mesma forza de obrigar que o disposto neste convenio.

Ás reunións da comisión poderán asistir con voz pero sen voto os asesores económicos e sociais da comisión deliberadora.

Artigo 5º.-Vinculación á totalidade.

As condicións establecidas neste convenio colectivo forman un todo orgánico e indivisible.

Artigo 6º.-Absorción e compensación.

As retribucións establecidas neste convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza e orixe delas.

Os aumentos de retribucións que poidan producirse no futuro por disposicións legais de xeral aplicación só poderán afectar ás condicións pactadas neste convenio cando consideradas as novas retribucións no cómputo anual, superen as aquí pactadas. No caso contrario, serán compensadas e absorbidas esas últimas, e manterase este convenio nos seus propios termos e na forma e condicións en que quedan pactadas.

Todas as funcións aquí detalladas son a título enunciativo, non querendo significar que sexan únicas e invariables. Calquera variación ou inclusión será feita logo do informe da comisión paritaria.

Artigo 7º.-Organización e racionalización.

1. A organización do traballo será competencia da empresa, a quen corresponde a iniciativa conforme a lexislación vixente.

2. A racionalización do traballo terá, entre outras cousas, as seguintes finalidades:

- a) Mellora das prestacións de servizo do usuario.
- b) Simplificación do traballo, mellora de métodos e procesos administrativos.
- c) Establecemento de cadros de persoal correctos.
- d) Definición e clasificación das relacións entre postos e categorías.

3. Será preceptivo e previo o informe do comité de empresa ou delegados de persoal para calquera modificación de xornada de traballo, horario, réxime de traballo a quendas, sistema de remuneración, así como sistema de traballo e rendemento deste.

No caso de non existir acordo, as ditas modificacións deberán ser aprobadas pola autoridade laboral.

Artigo 8º.-Clasificación persoal.

O persoal comprendido no ámbito deste convenio colectivo clasificarase nos grupos, subgrupos e categorías seguintes:

* Grupo A: mandos:

- a) Encargado xeral.
- b) Encargado provincial.
- c) Xefe de equipo.

* Grupo B: subgrupo de contaxe:

- a) Auxiliar de cómputo.
- b) Oficial de cómputo.

-Recadación e limpeza:

- a) Conductor-recadador-limpador.
- b) Limpador.

-Mantemento:

- a) Oficial mecánico.
- b) Oficial cerralleiro.
- c) Oficial electricista.

* Grupo C: traballos en formación:

- a) Aprendiz.

Artigo 9º.-Cadro de persoal e escalas.

A empresa estará obrigada a confeccionar o cadro do seu persoal fixo e contratado unha vez ao ano.

No dito cadro de persoal sinalarase o número de traballadores que comprende cada categoría profesional, coa separación e especificación por grupos e seccións. Os ditos cadros de persoal, unha vez confeccionados, deberán ser sometidos ao informe do comité de empresa ou delegados de persoal e, en caso de desacordo, a súa aprobación será instada á autoridade laboral.

Os cadros de persoal confeccionaranse cada ano, respectándose os dereitos adquiridos dos traballadores que forman parte da empresa.

A empresa deberá confeccionar e manter a escala do seu persoal, cos seguintes datos de cada un dos traballadores:

- a) Nome e apelidos.
- b) Data de nacemento.
- c) Data de ingreso do traballador na empresa.
- d) Categoría profesional.

A dita escala deberá publicarse nos taboleiros de anuncios da empresa antes do día 15 de febreiro ou dous meses despois da sinatura deste convenio. O persoal poderá formular as súas reclamacións contra a escala mediante escrito dirixido á empresa nun prazo de 20 días a partir da data de publicación. Cando se dea resolución expresa, esta deberá producirse dentro dun período igual de tempo. Contra o acordo desestimatorio, expreso ou tácito, quedará a vía xurisdiccional laboral.

Artigo 10º.-Contratación e descrición de funcións.

1. Cando por necesidades da empresa sexa preciso cubrir postos de traballo con persoal de novo ingreso, a dirección informará os representantes dos traballadores dos postos e das súas características.

2. Naqueles casos de nova contratación publicarase no taboleiro de anuncios e en todos os servizos, establecéndose un plan de admisión de solicitudes de 5 días.

3. En todo caso, terán preferencia para o ingreso na empresa aqueles que desempeñasen na empresa traballos de carácter temporal.

4. Reconto: a actividade desenvólvese nas dependencias da empresa (sala de reconto) e consiste na realización de todas as tarefas necesarias para a desprecintaxe e precintaxe dos petos. O reconto e cartuchado das moedas que previamente foron recadadas dos teléfonos públicos. Igualmente consiste no tratamento dos datos obtidos, todo iso baixo a supervisión da empresa contratante.

5. Limpeza: consiste na realización de todas as tarefas necesarias para efectuar a limpeza das cabinas, semicabinas, módulos, locutorios e calquera outro tipo de soporte telefónico de uso público existente ou que sexa instalado no futuro, utilizando os medios adecuados. Tamén referido aos mesmos soportes, consiste na

realización das tarefas necesarias para a montaxe e desmontaxe da publicidade, así como a notificación das avarías e desperfectos. Para a realización desta tarefa utilizarase un vehículo facilitado pola empresa.

6. Recadación: consiste na realización das tarefas necesarias para efectuar a extracción do peto ou excepcionalmente o metálico existente no interior dos teléfonos públicos, calquera que sexa o soporte no que se encontren, así como realizar as probas de funcionamento e detección de avarías. Para a realización desta tarefa utilizarase un vehículo facilitado pola empresa.

7. Reparacións de todo tipo de teléfonos públicos, titularidade de TTP. Para a realización desta tarefa utilizarase un vehículo facilitado pola empresa.

8. Mantemento: consiste na realización de reparacións nos mobles de cabinas, módulos telefónicos, locutorios e calquera tipo de soporte de uso público, existente ou que sexa instalado no futuro. Reparacións en cerraduras e dispositivos de seguridade instalados no interior do teléfono de uso público. A revisión, conexión e reparación da iluminación nos soportes dos teléfonos públicos. Para os desprazamentos utilizarase un vehículo facilitado pola empresa.

Artigo 11º.-Xornada laboral.

Estabécese unha xornada laboral de 37 horas e media, en xornada continuada de luns a venres, os sábados traballará soamente o 50% do cadro de persoal.

Artigo 12º.-Descanso diario.

O traballador terá dereito a desfrutar dun descanso de 20 minutos para a toma de bocadillo dentro da súa xornada diaria, que se computará como tempo efectivo para todos os efectos.

Artigo 13º.-Prolongación de xornada: horas extraordinarias.

1. Terán a consideración de horas extraordinarias as que excedan da xornada diaria establecida.

2. Os traballadores serán libres de aceptar ou denegar a realización de horas extras salvo nos casos específicos, regulados pola lexislación laboral, establecéndose, para tal fin, rotación entre os traballadores do cadro de persoal.

3. Terán a consideración de horas extras estruturais aquelas que se efectúen para as montaxes e desmontaxes de campañas publicitarias para cumprir os prazos establecidos por TTP.

4. As horas extraordinarias serán retribuídas a razón de 12,63 euros cada unha.

5. Os representantes dos traballadores asinarán as horas estruturais que se realicen.

6. As horas extras incluíranse en nómina, no punto correspondente a horas extras.

7. As horas extraordinarias poderanse acumular durante todo o ano para cambiar por días libres, desfrutando ata o día 31 de maio as acumuladas desde o 1 de xaneiro ao 31 de maio. As realizadas desde o 1

de xuño ao 30 de setembro desfrutaranse desde o 1 de outubro ao 31 de decembro. Cada 4 horas extras traballadas suporá un día libre.

Artigo 14º.-Vacacións.

O persoal afectado por este convenio gozará de 30 días naturais de vacacións, nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. O inicio das vacacións será sempre en día laborable, que non sexa nin sábado, domingo, festivo, día de descanso ou véspera del.

As vacacións serán retribuídas na totalidade de todos os conceptos salariais.

O persoal que desfrute as vacacións nos meses de outubro a maio, ambos inclusive, terá unha compensación de 1 día adicional por cada 10 de vacacións (30 días de vacacións= 30 días naturais+3 días laborables).

Artigo 15º.-Traballo en días festivos.

1. Cando por razóns de servizo sexa necesario realizar rutas de recadación en días festivos, a empresa exporá un impreso de inscrición que debe indicar o día festivo de traballo e o número de rutas previstas.

a) Todos aqueles traballadores que desexen traballar no dito día deberán inscribirse no citado impreso.

b) As rutas de recadación dos ditos días nunca sobrepasarán a xornada establecida de traballo.

c) Os festivos así traballados retribuiranse en nómina, baixo o concepto de complemento festivo ou denominación similar claramente identificable.

2. A retribución do dito día será por rutas establecidas a razón de 109,84 euros, por complemento ou, se é o caso, por dous días de libranza, logo de acordo entre traballador e empresa.

3. No caso de non existir voluntarios, tendo en conta que a prestación de servizo é inaprazable e obrigatoria, de común acordo entre a empresa e representantes dos traballadores, establecerase un sistema que garanta a prestación do servizo.

4. Complemento de domingo: a retribución dos domingos para reparación de avarías de teléfonos será de 109,84 euros, sempre que a xornada non exceda 7 horas.

Artigo 16º.-Conceptos retributivos.

As retribucións dos traballadores afectados neste convenio compensaranse a razón de básicas ou complementarias:

1. Serán básicas:

Salario base: as retribucións correspondentes ás distintas categorías do persoal afectado por este convenio fíxanse do modo seguinte:

Para o período entre o 1-1-2007 ao 31-12-2007 será o que se fixe na táboa salarial anexa. Os salarios para o ano 2007 incrementaranse nun 1,8% sobre os salarios de 2006.

Para o período do 1-1-2008 ao 31-12-2008 incrementaranse todos os conceptos salariais co IPC real do 2007 máis o 0,4%.

Para o período 1-1-2009 ao 31-12-2009 incrementaranse en todos os conceptos salariais co IPC do 2008 máis o 1%.

Para os anos 2008 e 2009 o incremento afectará a todos os conceptos económicos (horas extras, plus festivo, plus domingos, complemento de reparación, bolsa de compensación, prima de produción, complemento de asistencia, complemento de transporte, complemento de produtividade e salario base).

2. Serán complementarias:

a) Antigüidade: é o complemento persoal que recibe o traballador en razón ao tempo traballado de servizos na empresa, estimados en trienios, considerándose como tempo traballado os servizos prestados durante o período de proba. Cada trienio será do 5% calculado sobre o salario base. O seu aboamento ao traballador comezará a partir do mes en que se cumpran os 3 anos.

b) Complemento de transporte ou locomoción: os traballadores afectados por este convenio percibirán por este concepto a cantidade de 105,68 euros mensuais. Por cada día de ausencia ao traballo descontarase a cantidade de 3,52 euros, e non se considerará como ausencia para estes efectos o descanso semanal a que ten dereito, nin as vacacións. Este complemento aboarase a pro rata de tempo traballado.

c) Complemento de asistencia: co mesmo criterio do complemento de transporte en todos os seus conceptos, percibirase por ese complemento a cantidade de 66,74 euros. Por cada día de ausencia e co mesmo criterio que o complemento de transporte descontarase a cantidade de 2,23 euros. Este complemento aboarase a pro rata do tempo traballado.

d) Prima de produción: ao igual que os outros complementos percibirase por este concepto a cantidade de 123,78 euros. Este complemento así como a antigüidade pagaranse nas tres pagas extraordinarias establecidas neste convenio.

e) Axudas de custo e desprazamentos: sempre que o traballador supere nunha hora e trinta minutos a hora de saída, terá dereito a xantar onde se encontre, retribuíndose a 13,18 por comida.

f) Complemento por reparación da parte superior do teléfono público: aboarase a mensualidades vencidas, a razón de 22,54 euros.

Non se terán en conta para desconto: vacacións anuais e permisos retribuídos.

g) Complemento de produtividade: a excelencia no cumprimento do servizo estará premiada polo complemento de produtividade, cuxo importe consistirá no 1,75% sobre o salario base de cada categoría.

Artigo 17º.-Pagas extraordinarias.

-Paga extra de marzo, aboable do 10 ao 15 de marzo.

-Paga extra de verán, aboable do 10 ao 15 de xullo.

-Paga extra de Nadal, aboable do 10 ao 15 de decembro.

Na contía das pagas extras serán incluídos os conceptos de salario base, máis produción e máis antigüidade, segundo as táboas salariais anexas, e aboaranse sempre completas (30 días), independentemente de que o traballador estivese en situación de incapacidade temporal durante o período de devengo de cada unha delas.

Artigo 18º.-Cobramento de salarios.

O cobramento de salarios efectuarase por meses completos e vencidos.

Todo traballador terá dereito a percibir anticipos á conta do seu salario.

Artigo 19º.-Melloras sociais.

A empresa disporá dun fondo para préstamos ao persoal sen devengar xuros, para un caso de necesidade. O importe dos préstamos será de 1.600 euros máximos por persoa para devolver en 15 mensualidades.

Artigo 20º.-Seguro de vida.

Todos os traballadores comprendidos nese convenio terán un seguro de vida que está estipulado da seguinte forma:

No caso de morte: 16.000 euros.

No caso de invalidez: 22.500 euros.

Este seguro cubrirá as 24 horas do día e se o accidente ou defunción ocorrese en xornada de traballo terían un incremento de 10.000 euros.

Artigo 21º.-Licenzas.

1. Todos os traballadores afectados por este convenio terán dereito ás licenzas retribuídas nas seguintes continxencias e coa seguinte duración:

-Por matrimonio do traballador: 16 días naturais.

-Por matrimonio de fillos ou irmáns directos ou políticos: 1 día natural.

-Por parto de esposa ou cohabitante: 5 días naturais.

-Por falecemento ou enfermidade grave de esposa ou cohabitante: 5 días naturais.

-Por falecemento ou enfermidade grave de fillos/as e fillos/as políticos: 4 días naturais.

-Por falecemento ou enfermidade grave de pais, avós, irmáns, netos directos ou políticos: 3 días naturais.

-Por cambio de domicilio: 2 días naturais.

-Por falecemento de tíos directos ou políticos: 1 día natural.

Se o falecemento ou enfermidade grave dos parentes se producise fóra da provincia de residencia serían 5 días naturais.

2. Igualmente, o traballador, solicitándoo con 8 días de antelación, terá dereito a dispor de 5 días de licenza non retribuída. Estes días serán continuados.

3. A empresa facilitará permiso retribuído polo tempo indispensable para renovación de carné de conducir, DNI ou calquera necesidade de arranxar asuntos persoais xustificables, e igualmente para exames.

Artigo 22º.-Excedencias especiais con dereito ao posto de traballo.

-Polo nomeamento de cargos públicos ou sindicais.

-Por coidado de fillos menores de tres anos.

-No suposto caso de detención por un accidente de circulación, o operario detido poderá solicitar o seu pase á reserva de posto de traballo e nas mesmas condicións que se de excedencia obrigatoria se tratase.

-Os traballadores con antigüidade superior a tres anos terán dereito a que se lles conceda ata un ano de excedencia con reingreso automático con aviso de tres meses de antelación.

Artigo 23º.-Baixas por hospitalización ou accidente.

a) No caso dun traballador que se encontre en situación de IT derivada de accidente de traballo, a empresa completará a prestación económica ata alcanzar o 100% do seu salario mentres dure a dita situación.

b) En situación de IT e sempre que exista hospitalización e convalecencia, a empresa completará a prestación económica ata o 100% do seu salario mentres dure a hospitalización, que se estenderá ao período de convalecencia cunha duración máxima de 90 días naturais.

Artigo 24º.-Retirada do permiso de conducir.

No suposto caso de que a un traballador que precise o permiso de conducir para a prestación do seu traballo lle fora suspendido o uso deste, en primeiro lugar desfrutará as súas vacacións anuais correspondentes e se, finalizadas estas, continuara na mesma circunstancia, será destinado a outra sección onde non sexa necesario a posesión de permiso de conducir; reincorporarase ao seu posto ao serlle devolto. No caso de non existir outro posto de traballo onde non sexa necesaria a posesión do permiso de conducir aplicarase, durante o período de suspensión, a situación prevista no artigo 22º punto terceiro (excedencia obrigatoria con reingreso automático).

Artigo 25º.-Traslados de persoal.

O persoal non pode ser trasladado dunha provincia na que presta os seus servizos a outra distinta, salvo pacto coa empresa.

Os traslados de persoal que impliquen cambio de domicilio poderán ser por petición do traballador mediante permuta. Tamén nese caso será necesario o acordo entre empresa e traballador.

Artigo 26º.-Subrogación do persoal.

Co obxecto de contribuír e garantir o principio de estabilidade no emprego; a absorción do persoal quen se suceda, mediante calquera modalidade contractual, na total ou parcial actividade regulada no ámbito funcional deste convenio, levarase a cabo nos termos indicados neste artigo e seguintes.

No sucesivo, o termo contrata engloba, con carácter xenérico, calquera modalidade de contratación, tanto pública como privada, e identifica un concreto servizo ou actividade parcial ou total que pasa a ser desempeñada por unha determinada empresa, sociedade, organismo público ou outro tipo de entidade ou persoa física, sexa calquera a forma xurídica que adopten.

En todos os supostos de finalización, perda, rescisión, cesión, rescate ou revisión dunha contrata, así como respecto de calquera outra figura ou modalidade que supoña a substitución entre entidades, persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo a actividade de que se trata, os traballadores da empresa saínte pasarán a adscribirse á nova empresa ou entidade pública que vaia realizar o servizo, respectando esta os dereitos e obrigas que desfruten na empresa substituída.

Producirase a mencionada subrogación do persoal, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

1. Traballadores en activo que realicen o seu traballo na contrata cunha antigüidade mínima dos catro últimos meses anteriores á finalización efectiva do servizo, sexa cal fose a modalidade do seu contrato de traballo, con independencia de que, con anterioridade ao citado período de catro meses, traballase noutra contrata.

2. Traballadores, con dereito á reserva de posto de traballo, que no momento da finalización efectiva da contrata, teñan antigüidade mínima de catro meses nela e se encontren enfermos, accidentados, en excedencia, vacacións, permiso, descanso maternal ou situacións análogas.

3. Traballadores con contrato de interinidade, que substitúan a algún dos traballadores mencionados no número segundo, con independencia da súa antigüidade e mentres dure o seu contrato.

4. Traballadores de novo ingreso que por exigencia do cliente se incorporasen á contrata de servizos, como consecuencia dunha ampliación que perdue na seguinte contrata, aínda que non leven os catro meses de antigüidade.

5. Traballadores que substitúan a outros que se xubilen cumpridos os 64 anos, dentro dos últimos meses anteriores á finalización efectiva da contrata, e teñan unha antigüidade mínima nela dos catro meses anteriores á xubilación, en virtude do Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

Todos os supostos anteriormente contemplados deberanse acreditar fidedigna e documentalmente pola empresa ou entidade pública saínte á entrante, mediante os documentos que se detallan no artigo 13 do convenio estatal do sector, e no prazo de dez días hábiles contados desde o momento en que ben a empresa entrante, ou saínte, lle comunique fidedignamente á outra empresa o cambio na prestación do servizo.

Os traballadores que non gozasen as súas vacacións regulamentarias ao producirse a subrogación gozaranas coa nova adxudicataria do servizo, que só aboará a parte proporcional do período que a ela corresponda, xa que o aboamento doutro período corresponde

ao anterior adxudicatario, que deberá efectualo na correspondente liquidación.

A aplicación deste artigo será de obrigado cumprimento para as partes ás que vincula: empresa ou entidade pública ou privada cesante, sucesor na actividade e traballador.

Artigo 27º.-Control e supervisión.

Só poderá realizarse rexistro sobre a persoa do traballador, nos seus armarios e efectos particulares, cando sexa necesario para a protección do patrimonio empresarial e o dos demais traballadores dentro do centro de traballo e en horas de traballo. Na súa realización respectarase ao máximo a dignidade do traballador e contarase coa asistencia dun representante legal dos traballadores.

Artigo 28º.-Dereitos sindicais.

a) A empresa recoñece os representantes dos traballadores elixidos libre e democraticamente segundo a normativa vixente.

b) A empresa comunicarlles aos representantes dos traballadores, no prazo mínimo de 48 horas de antelación, todo o concenrente a cesamentos, despedimentos, sancións e modificacións de traballo, etc.

c) Os representantes dos traballadores disporán dun crédito de 20 horas mensuais para o exercicio das súas funcións.

Artigo 29º.-Seguridade e hixiene.

Será obxectivo máximo, tanto da dirección da empresa como dos traballadores, lograr a preservación da saúde e a prevención dos accidentes laborais e rexerá o disposto na Lei de prevención de riscos laborais e normativa de desenvolvemento dela.

a) Todo o persoal deberá someterse a unha revisión médica anual da empresa e dentro da xornada laboral. Nos casos de traballadores de máis de 50 anos, se os servizos médicos o consideran oportuno, poderán ser sometidos a un exame cardiovascular.

b) En todo centro de traballo se disporá dunha caixa de urxencias debidamente provista.

c) Os vestiarios deberán dispor de armario individual, ducha e lavabos, auga potable e xabón, toallas, papel hixiénico, debendo coidarse da súa hixiene por parte da empresa.

Artigo 30º.-Uniformes.

A empresa facilitaralle a cada traballador o correspondente uniforme segundo os modelos homologados para a actividade.

A empresa consultará cos traballadores a calidade da peza de roupa ao obxecto de poder elixir a máis adecuada.

A entrega dos ditos uniformes será:

-Temporada de verán, do 1 ao 15 de maio.

-Temporada de inverno, do 1 ao 15 de outubro.

Composición do uniforme:

-Temporada de verán: 2 pantalóns, 2 camisas de manga curta e calzado correspondente.

-Temporada de inverno: 2 pantalóns de inverno, 2 camisas de manga longa, 1 cazadora, 1 anorak de tres cuartos cada 2 anos e calzado correspondente.

Artigo 31º.-Vehículos.

Os vehículos adscritos ás rutas de provincia dispoñán de faros en condicións para a néboa.

Os vehículos deberán ser revisados con periodicidade para que estean en boas condicións antes de saír á ruta.

En todo o non regulado neste artigo rexerá o vixente xa disposto na normativa da materia.

Os traballadores antes do inicio da ruta comprobaran que os vehículos se encontren en orde de marcha.

Artigo 32º.-Empresas de traballo temporal.

Soamente poderán contratar traballadores de ETT para as seguintes cuestións e polo tempo que se determine.

1. Para cubrir un posto con dereito a reserva, polo tempo necesario.

2. Por incrementos de produción por un máximo de 2 meses.

3. Para a selección dun posto, por un máximo de 1 mes.

Estes traballadores terán os mesmos dereitos e percepcións que os traballadores rexidos por este convenio, en todas as cuestións.

Entregaranse ao comité de empresa ou delegado de persoal os contratos de posta á disposición.

Non poderán estar contratados a través das ETT un máximo do 5% do cadro de persoal fixo da empresa usuaria.

Artigo 33º.-Xubilación.

a) Xubilación parcial.

1. Ao abeiro do artigo 166.2º da Lei de seguridade social e do artigo 12.6º do Estatuto dos traballadores, recoñéceselles aos traballadores o dereito subxectivo de solicitar da empresa a xubilación parcial e a redución da xornada no límite máximo legalmente previsto do 85% cando se xunten os requisitos legalmente establecidos e, en especial, o de idade, que non poderá ser inferior aos 60 anos.

2. A solicitude deberáselle remitir á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data prevista de xubilación parcial. A empresa estudará a solicitude de boa fe, coa vista posta nun acordo coa parte solicitante e, en todo caso, responderá nun prazo máximo de 30 días. Nos casos de discrepancia entre as partes remitirase a cuestión á comisión paritaria, que resolverá no ámbito das súas funcións e no prazo máximo de 30 días.

3. O 15% da xornada que corresponde de traballo efectivo acumularase nos meses inmediatamente

seguintes á xubilación parcial e a xornada completa. Aínda cando a empresa poida optar por retribuír sen exixir a cambio da prestación efectiva dos servizos e sen prexuízo da aplicación da seguinte escala de bonificacións:

1. Con trinta anos ou máis de antigüidade no servizo, recoñécese unha dispensa absoluta no traballo.

2. Con vinte anos de antigüidade e ata trinta, recoñécese unha dispensa do 75% do traballo.

3. Con dez anos de antigüidade e ata 20, recoñécese unha dispensa do 50% do traballo.

4. Todo isto sen prexuízo do acordo ao que poida chegar o traballador e a empresa.

5. Ata que o traballador xubilado parcialmente chegue á idade ordinaria de xubilación, a empresa deberá manter un contrato de revezamento nos termos previstos no artigo 12.6º do ET.

b) Xubilación anticipada.

A empresa e os traballadores poderán pactar, se existe común acordo previo por ambas as partes, xubilacións anticipadas aos 64 anos, de conformidade co disposto no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo e a Lei 63 e 64/1997, do 26 de decembro, debendo a empresa cubrir as ditas vacantes con traballadores desempregados ou inscritos na oficina de emprego como tales.

Artigo 34º.-Cursos de formación.

Realizaranse cando haxa necesidade de servizo, especialización de tarefas, etc.

Os traballadores estarán obrigados a recibir os ditos cursos e serán remuneradas as horas necesarias para os ditos cursos como horas extraordinarias.

Estas horas extraordinarias serán sempre retribuídas e sen que en ningún caso sexa de aplicación o disposto no artigo 13º.7 deste convenio.

Se os cursos se realizaran fóra da provincia aboaranse as axudas de custo de acordo co disposto no artigo 16.2º e) deste convenio, así como o aloxamento, se iso fose necesario.

Artigo 35º.-Lexislación supletoria.

Todo aquilo que non fora pactado neste convenio e que afecte as relacións laborais e económicas estará no disposto no ET.

As partes lexitimadas recoñecen como norma de rango superior o convenio colectivo de ámbito estatal do sector de mantemento de cabinas, soportes e teléfonos de uso público, o cal se asinou en Madrid o 24 de xuño de 1997 e publicado no BOE nº 195, do 15 de agosto, ou aquel que substitúa o dito convenio.

Adscríbense na totalidade dos seus artigos sen prexuízo do disposto no artigo 3º deste convenio en canto a melloras e táboas salariais.

Táboa salarial-ano 2007

Categoría	Salario base	Prima produción	Complemento asistencia	Complemento reparación	Complemento transporte	Complemento produtividade	Salario mes	Pagas extras	Salario anual
Encargado provincial	1.436,29	123,78	66,74	22,54	105,68	20,47	1.775,49	1.560,06	25.986,11
Encargado de zona	1.048,62	123,78	66,74	22,54	105,68	18,35	1.385,71	1.172,40	20.145,74
Responsable de equipo	1.044,89	123,78	66,74	22,54	105,68	18,29	1.381,91	1.168,66	20.088,97
Oficial de reconto	1.021,51	123,78	66,74	22,54	105,68	17,88	1.358,12	1.145,29	19.733,36
Auxiliar de reconto	1.015,41	123,78	66,74	22,54	105,68	17,21	1.351,36	1.139,19	19.633,95
Conductor, recad., limp.	1.021,51	123,78	66,74	22,54	105,68	17,88	1.358,12	1.145,29	19.733,36
Limpador	1.015,41	123,78	66,74	22,54	105,68	17,21	1.351,36	1.139,19	19.633,95
Ofic. mecán., cerrall., electr.	1.021,51	123,78	66,74	22,54	105,68	17,88	1.358,12	1.145,29	19.733,36
Aprendiz	673,33	123,78	66,74	22,54	105,68	12,37	1.004,44	797,11	14.444,58

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 9 de agosto de 2007 pola que se convoca un curso sobre medición de rúidos.

Dentro das actividades programadas para o ano 2007, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a celebración dun curso sobre medición de rúidos, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos:

-Coñecer a normativa actualizada sobre protección acústica.

-Introducir os alumnos nos conceptos fundamentais sobre acústica e as súas características.

-Proporcionar a información suficiente para manexar e entender a terminoloxía relacionada coas medicións acústicas e o manexo e mantemento de sonómetros e aparellos técnicos asociado ás medicións do ruído.

-Dotar os participantes dos coñecementos suficientes para avaliar unha situación acústica, facer medicións e elaborar informes.

Destinatarios:

O curso vai dirixido aos membros dos corpos de Policía Local de Galicia.

Inscrición:

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta.

Prazas: 30 prazas.

Solicitudes:

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 14 de setembro de 2007, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade Pública, sita na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entre-

garse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Datas:

O curso terá lugar do 24 ao 26 de setembro.

O horario será das 9.30 ás 14.00 horas e das 15.30 ás 19.00 horas, excepto o día 26 que será das 9.30 ás 13.30 horas.

Contido:

-A protección acústica desde o punto de vista normativo e administrativo.

-Fundamentos básicos da acústica.

-Instrumentos de medición.

-Parámetros de avaliación acústica e elaboración de informes.

Relación de admitidos:

A relación de admitidos farase pública o día 19 de setembro a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade Pública e na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando aos teléfonos 986 59 02 41/2/3/4.

Lugar:

O curso desenvolverase na Academia Galega de Seguridade Pública, sita na avenida da Cultura, s/n, no concello da Estrada.

Certificado de asistencia:

Ao remate do curso faráselle entrega dun certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nel.

Modificacións:

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 9 de agosto de 2007.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director xeral da Academia Galega
de Seguridade Pública